

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 25/09/2019 14:13:31

**SAIDA 10400/19**

Reclamante [REDACTED]  
Expediente. Nº **RSCTG 088/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 29 de maio de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia en sesión celebrada o día 19 de setembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 29/05/2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante o Concello de Valdoviño, referente á obtención de copia do informe técnico, informe xurídico e licenza de obras do expediente de obras para a construción dunha vivenda na parcela catastral [REDACTED]

O reclamante indicaba que en data 15 de abril de 2019 o Concello lle require para que xustifique o seu interese lexítimo no acceso ao expediente. Con data do 16 de abril de 2019, presentou escrito contestando ao requirimento, xustificando en que o seu interese ven xustificado pola necesidade de comprobar que a construción da vivenda cumpre co ordenamento urbanístico vixente ao momento da concesión da licenza.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude, do requirimento efectuado polo Concello, de escrito remitido polo solicitante ao Concello con data do 15 de abril de 2019 e do seu DNI.

**Segundo.** Con data 3 de Xuño de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Valdoviño para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 3 de junio de 2019.

**Terceiro.** Con data 8 de xullo de 2019 o Concello de Valdoviño contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

O Concello de Valdoviño informa que con data do 1 de xullo de 2019, púxose en coñecemento do reclamante a posta a disposición solicitada e existente no expediente de obra 14/06, do que remite copia.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter

potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello de Valdoviño non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente no prazo dun mes tal e como establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, polo que polo que débese considerar a reclamación presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

██████████ solicitou do Concello de Valdoviño o acceso a unha documentación que debemos considerar como información pública, solicitude que foi desestimada por silencio administrativo, consistente na obtención de copia do informe técnico, informe xurídico e licenza de obras do expediente de obras para a construción dunha vivenda na parcela catastral ██████████ Trátase por tanto de información que está en poder da Administración e que foi elaborada no exercicio das súas funcións.

O Concello de Valdoviño, requiriulle para que xustificase o interese lexítimo no acceso ao expediente, requirimento que é contrario ao establecido no artigo 17.3 da Lei 19/2013, que establece que o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso.

Sen embargo, tal e como consta acreditado no expediente remitido polo Concello, con data do 1 de xullo de 2019, mediante oficio do Concello comunícalle ao solicitante que pode acceder á documentación solicitada, polo que procede a estimación do presente recurso por motivos formais.

O Concello de Valdoviño non resolveu a solicitude de acceso á información do interesado no prazo previsto na Lei 19/2013, polo que debe lembrárselle, de acordo co disposto no artigo 20.6 da mesma, que o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.


En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

### ACORDA

**Único:** Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] con data 29 de maio de 2019, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante Concello de Concello de Valdoviño, referente á obtención de copia do informe técnico, informe xurídico e licenza de obras do expediente de obras para a construción dunha vivenda na parcela catastral [REDACTED]

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019



María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia**